



**17 de maio do 2026**

**DÍA INTERNACIONAL CONTRA A LGTBIfobia**

## **O SEU ODIO, A NOSA DIVERSIDADE**

*«Non está lonxe o día en que a discriminación contra as persoas baseada en a quen aman tamén quedará atrás, no lixo da historia»*

Kasha Jacqueline Nabagesera,  
activista africana polos dereitos humanos

Un ano máis, as CCOO de Galicia, xunta as asociacións LGTBIQA+, conmemoramos o Día Internacional contra a LGTBIfobia (Día Internacional contra a Homofobia, a Transfobia e a Bifobia). Trátase dunha xornada de reflexión e loita para sensibilizar, denunciar a discriminación e promover a igualdade de dereitos para o colectivo en todo o mundo. Desgraciadamente, moitos miles de persoas sofren persecución pola súa orientación ou identidade sexual ou de xénero.

Como sindicato, a nosa meta principal é asegurar o respecto á diversidade no eido laboral, porque consideramos que a igualdade efectiva de dereitos das persoas LGTBIQA+ é parte da loita de todas as persoas que compoñemos este Sindicato, pois asenta nos nosos valores primordiais de solidariedade, xustiza social, igualdade de dereitos e saúde e seguridade no traballo.

Malia que a lexislación en España é pioneira e edificante, facilitadora dunha maior comprensión e aceptación social das persoas LGTBIQA+, aínda queda moito camiño por percorrer entre esa regulación e a súa verdadeira e efectiva aplicación. Hoxe máis ca nunca, temos que defendela fronte aos discursos de odio que avogan claramente por unha forte regresión en dereitos conquistados, pois o rexeitamento extremo que promoven as ultradereitas e as dereitas deshumanizan o colectivo, negan as identidades diversas, pro-

Co financiamento de:



pagan discursos de odio nas redes sociais e en certos medios, incitando á violencia e ao acoso contra as persoas pola súa orientación sexual ou identidade de xénero.

Este 17 de maio, alzamos de novo a voz para denunciar esas condutas LGTBIQA+fóbicas, violentas e de acoso que atentan contra a dignidade e a propia vida, contra os dereitos humanos da poboación LGTBIQA+, así como, por asociación ou erro, contra o resto de persoas cisheteronormativas.

A igualdade de dereitos só se logra desde unha lexislación que traballe na erradicación das desigualdades sociais e da proliferación e normalización de discursos de odio na esfera pública. España, grazas aos movementos sociopolíticos e á acción sindical, é un país pioneiro en lexislación antidiscriminatoria. Esa lexislación facilitálle ao Sindicato centrar o combate no ámbito laboral, tratando de evitar a discriminación e a *armarización* das persoas do colectivo nas empresas por mor dos prexuízos e as posibles situacións de acoso LGTBIQA+fóbico.

O acoso discriminatorio pode ser puntual ou prolongarse no tempo, e sempre ten consecuencias emocionais, mentais ou físicas sobre o benestar e a integridade das persoas que o están sufrindo.

CCOO desenvolve durante todo o ano o seu compromiso fronte á LGTBIQA+fobia desde a acción sindical sociopolítica, reafirmando a condena contra a homofobia, a lesbofobia, a transfobia, a plumofobia e, en xeral, contra calquera expresión de rexeitamento, acoso ou violencia fronte á diversidade. Actuamos para previr e identificar situacións de discriminación e acoso derivadas da orientación sexual, a identidade sexual, a expresión de xénero, as características sexuais e a diversidade familiar, desde a defensa do **orgullo** como sinónimo de diversidade, de identidade, de liberdade... en definitiva, de democracia.

A nosa responsabilidade sindical lévanos a loitar pola creación de espazos de traballo seguros e inclusivos, diversos, coa intención de que os centros de traballo e empresas estean libres de calquera discriminación.

**Stop LGTBIQA+fobia nos centros de traballo!**

Entendemos que a negociación colectiva é unha ferramenta poderosa para visibilizar e loitar contra a LGTBBIQA+fobia no traballo e acabar cos atrancos e a discriminación que sofren as persoas do colectivo. Por iso levamos as políticas LGTBBIQA+ ao centro da acción sindical, aos convenios colectivos, coa idea de fixar os dereitos laborais en igualdade de condicións e de trato e promover, a través dos protocolos antiacoso, sancións cun custo persoal, social e económico para as persoas que perpetran a LGTBBIQA+fobia.

En definitiva, erradicar a LGTBBIQA+fobia é un imperativo deste Sindicato, por iso defende a necesidade de implantar un pacto de Estado que blinde as persoas do colectivo coa protección real e efectiva necesaria, e promove a vida e o desenvolvemento persoal e profesional das persoas LGTBBIQA+ en igualdade de condicións, sen ter que renunciar á súa identidade cando acceden ao emprego nin na formación e promoción, nin cando se trate de participar dos beneficios sociais da empresa ou dos dereitos de conciliación.

A diversidade, a liberdade e o exercicio de dereitos en igualdade de condicións para todas as persoas é fundamental nun Estado democrático e desde o sindicalismo de clase avanzamos en dereitos laborais contra a LGTBBIQA+fobia.

**Porque a discriminación que sofren as persoas LGTBBIQA+ é un atentado  
contra os dereitos humanos, CCOO é e defende:**

**Sindicalismo feminista**  
**Fronte á LGTBBIQA+fobia somos barreira!**  
**Ao traballo sen armarios!**  
**Organiza o teu orgullo!**